

Presentación da obra de Mónica Varela “Versos e bolboretas”.

MOME. A Estrada. 28-09-17

Pois ben, hoxe estamos aquí na Estrada para asistirmos ao nacemento dun novo fillo poético da compañeira Mónica, unha nova obra poética enfocada cara aos máis cativos, un feixe de 27 poemas para nenas e nenos... uns novos soños de nenos e tamén un novo fillo poético para a nosa literatura infantil e xuvenil galega.

Mónica Varela xa tivo a honra de ser gañadora do VIIIº “Premio Arume de poesía”, propiciado pola Fundación Neira Vilas co seu poemario titulado “Soños de nenos”. Claro que esta honra se viu un tanto anubada por ser o último convocado. Dende logo que para nós sempre é unha mágoa cando vemos que un premio deixa de ser convocado e máxime cando se trata dun de poesía porque este xénero ben necesitado que está destes premios.

E non podía ser doutra maneira de que Mónica se vise aquí rodeada de estradenses para que esta medio-estradense se sentise aínda máis inserida neste pobo no que leva anos traballando cos nosos e coas nosas xoves. Existe unha falsa concepción da poesía para nenas e nenos... pénsase que é moi doado versar para estas idades... rima, palabras bonitas, musicalidade... craso erro dende o meu punto de vista, dende o punto de vista dun non poeta. Teño realizado entrevistas a escritoras e escritores de literatura infantil e xuvenil (Leticia Costas, Anxo Fariña, Carlos Labraña, Antón Cortizas, Paula Carballeira, Fina Casalderrei...) e todas e todos veñen a converxer nunha mesma conclusión: a total diferenza que hai entre escribir literatura infantil e xuvenil e literatura, sexa o xénero que sexa, para máis adultos. Cando escribes para adultos tamén escribes para ti, para

expresar aquilo que a ti che gusta, aquelas inquedanzas, aqueles compromisos persoais teus que terán que chegar ao lector... mais, cando escribes para nenas e nenos soamente pensas nelas e neles, e tes que esquecer o teu “eu”... nunha palabra, tes que escribir para o receptor e esquecer o emisor, do pensamento... do emisor. E aí vai ser onde radique a dificultade -da que supoño despois nos falará Mónica- e ademais esta literatura terá que abranguer outros aspectos como poden ser a brevidade, a imaxe... algo demasiado complicado para acadar o obxectivo da lectura nestas idades temperás.

Ah, e ademais aquí estamos a falar de versos... temos que meter aos máis cativos na poesía, na súa dinámica, e substituír as historias, a ficción pola simboloxía, pola sensibilidade... e por aqueles elementos propios da idade (lúa, sol, estrelas, animais...) para identificalos con este tipo de escrita. E tamén intentar crear soños con estas palabras agarimosas. Voume permitir ler uns versiños da propia Mónica pertencentes a un poema titulado “soños de nenos”:

Un soño é un cometa,
cruzando o universo,
un soño é un paxaro
voando nun verso,
tesouro esquecido,
gardado nun peto.

Para rematar o poema dicíndolles aos nenos o seguinte:

Nenos,
sen acougar,
ídeos buscar!

E tamén nos di Mónica noutro dos seus poemas:

Os nenos soñan
porque o aire leva
ilusións,
afáns,
arelas!

Pois iso mesmo queremos todos aqueles que entendemos que a literatura ten que comezar nestas tenras idades, que as ilusións, os afáns e as arelas leven aos nosos cativos a soñar, a imaxinar, a realizar... e por riba no noso idioma, tan falto destas mostras.

E tamén teremos que salienta, e agradecer, as fermosas imaxes que van ilustrar estes versos e estas fermosas bolboretas acompañantes dos poemas coas súas cores porque as imaxes van converter esta obra nun todo que cobrará o seu pulo nos soños das lectoras e dos lectores. Once ilustradoras e ilustradores tiveron tamén que se meter nos versos de Mónica e ao mesmo tempo tender un nó entre estes versos e as mentes inquedas dos pequenos lectores. Sempre se di que unha imaxe vale máis ca mil palabras, pero se unha imaxe vai acompañada de maravillosas palabras ou á inversa o produto resultante terá que ser ese soño que a modo de cometa cruzará o

universo ou aquel mesmo paxaro que voa a cabalo do verso, como escribiu Mónica. Moitas grazas a ilustradoras e a ilustradores dende “Edicións Fervenza” porque estas imaxes van crear soños facendo de fondo aos versos de Mónica.

E soamente rematar dicindo que agardamos que estes versos, acompañados destas imaxes, leven aos nenos e ás nenas na procura dos seus soños, e que tamén vexan que as palabras de Rosalía de Castro seguen a manter a súa sonoridade, o seu significado, a súa profundidade e que o noso idioma é quen de amosar a súa musicalidade para que os soños dos máis cativos son quen de crear ILUSIÓNS, AFÁNS E ARELAS.

Carlos Loureiro Rodríguez